



ACTA N.º 1/2013
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 30 DE XANEIRO DE 2013

ASUNTOS

I.- **PARTE RESOLUTIVA**

I.1.- ACTA ANTERIOR

I.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OU REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS E DE INSPECCIÓN

I.4.- ARBITRAXE DE CONSUMO E CANKE DE PARTICIPACIÓN PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS

I.5.- PRÓRROGA PLAN PREPARA

I.6.- MOCIÓN DE URXENCIA: EMPREGO VECIÑOS DE NIGRÁN EN PORTO DO MOLLE.

II.- **CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

I.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

I.2.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorroto
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Manuel Doldán Costas

- MIXTO:

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 30 de xaneiro de 2013.
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán.
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao adelantarse a que correspondía celebrar o día 31-01-2013, debido a que está prevista a ausencia do titular da Alcaldía nesa data.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:03
- *Hora de remate:* 11:40
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 15
- *Membros non asistentes:* D. Rubén Rial Sánchez.

Incidencias:

a) Alteracións no quórum de asistencia:

- *Concelleiros/as que se incorporan á sesión, e momento en que o fan:* D.ª Ana Rosa Costas Abalde, durante o debate do punto 1.2 da Orde do Día.
- *Concelleiros/as que abandonan a sesión, e momento en que o fan:* D.ª M.ª Dolores Martínez Losada e D.ª Ana Rosa Costas Abalde, mentres se trataba o punto de Rogos e Preguntas.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Cos circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar:

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 21 de decembro de 2012.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 21 de decembro de 2012 queda aprobada cos votos a favor dos 15 membros da Corporación presentes.

I.2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas de 23 de xaneiro de 2013:

Visto o indicado nun informe do Arquitecto municipal, do día 27.09.12, con respecto ao "Listado de índices, módulos de construción e prezos medios para obras de nova planta ou de reforma" incluído como anexo á ordenanza fiscal antes citada, e dado que (según o informe citado):

"(...) Os módulos vífan a suplir o control do C.O.A.G., para evitar a <minusvaloración> dos orzamentos a efectos de liquidacións, aínda que provisional e a expensas da definitiva. As valoracións para a liquidación provisional, en condicións de mercado estable, adoitan ser menores que a liquidación final practicada, dado que normalmente as obras incrementan o seu orzamento por determinados cambios xurdidos no transcurso da obra.

No entanto, a abrupta caída de prezos, ou a posibilidade de executar obras por prezos alonxados da media, pode producir unha consecuencia indesexada na liquidación final da licenza, de acreditarse unha execución material inferior o orzamento contemplado para a liquidación provisional, que implicaría a devolución de parte do recaudado, cos correspondentes xuros de ser o caso (...)"

Visto o indicado nun escrito do ORAL, do día 26.11.12.

Considerando preciso adecuar aos prezos actuais medios de mercado o "Listado de índices, módulos de construción e prezos medios para obras de nova planta ou de reforma" da ordenanza fiscal reguladora no Concello de Nigrán do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, minorando os importes nas porcentaxes indicadas nun informe do Arquitecto municipal, do día 18.01.13.

Proposta de acordo:

Primeiro: Modificar o anexo da ordenanza fiscal reguladora no Concello de Nigrán do Imposto sobre construcións, instalacións e obras; anexo que terá a seguinte redacción:

Anexo á ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras

Listado de índices, módulos de construción e prezos medios para obras de nova planta ou de reforma.

	UD.	MÓDULO	PREZO MEDIO / UD.
		VIVENDA	
1	M2	Unifamiliar construído s/raçante até 150 m2	946.82 €

2	M2	Unifamiliar construídos s/rasante entre 151 y 250 m2	896,06 €
3	M2	Unifamiliar construídos s/rasante máis de 250 m2	792,67 €
4	M2	Colectiva libre construídos s/rasante	620,34 €
5	M2	Colectiva V.P.O. construídos s/rasante	512,67 €
6	M2	Construído b/rasante (usos garaxe, rochos, instalacións ou anexos)	298,64 €
7	M2	Construído b/rasante (usos comerciais vinculados a planta baixa)	427,22 €
8	M2	Planta baixa lóbrega	204,81 €
9	M2	Acondicionamento locais comerciais.(*)	302,94 €
		OUTROS USOS	
10	M2	Aillado: centro comercial.	435,77 €
11	M2	Aillado: sanitarios, docentes, asistencial, ocio-cultural, recreativo, oficinas.	544,71 €
12	M2	Aillado: hoteleiro, residencial.	708,13 €
13	M2	Aillado: deportivos (cuberto)	435,77 €
14	M2	Deportivo ao ar libre.	163,41 €
15	M2	Nave industrial almacén.	317,42 €
16	M2	Nave industrial comercial.	354,06 €
17	M2	Piscinas descubertas.	272,36 €
18	M2	Reformas interiores sen estrutura nin desmontaxe de fachadas.	321,87 €
19	M2	Rehabilitación con baleirado de estrutura e mantendo fachadas.	544,71 €
20	M2	Galpóns ou cobertizos, almacéns de apeiros.	163,41 €
		FECHES	
21	M2	Feche de postes e arame	12,75 €
22	M2	Feche de bloque de formigón	25,50 €
23	M2	Feche de pedra	146,20 €



24	M2	Pintura exterior	5,53 €
25	M2	Portal peoni/vehiculos	839,77 €
		CONTENCIÓN	
26	M3	Muro de contención de formigón armado.	306,85 €
27	M2	Muro de contención de cantería	59,50 €
28	M3	Cimentación corrida F.A.	192,61 €
		MOVIMIENTO DE TERRAS	
29	M2	Desbroce e limpeza terreos.	2,94 €
30	M3	Excavación a ceo aberto	1,19 €
31	M3	Apertura de gabias	4,18 €
		REFORMAS	
32	M2	Limpeza muro pedra	3,32 €
33	M2	Encintado muro de pedra	8,37 €
34	M2	Renovación tella cerámica.	26,61 €
35	M2	Apertura de oco en fábrica de ladrillo macizo	82,58 €
36	M2	Apertura de oco en fábrica de pedra	99,03 €
37	M2	Aplacado pedra.	22,65 €
38	M2	Demolición tabique L.O.D.	4,42 €
39	M2	Demolición muro bloque formigón.	18,39 €
40	M3	Demolición muro mampostería pedra.	39,02 €
41	M2	Construcción tabique L.O.D. a pandeiréte.	13,43 €
42	M2	Construcción tabique L.O.S.	12,89 €
43	M2	Enfoscado morteiro cemento	13,07 €
44	M2	Gomecido pasta xeso	8,58 €
45	M2	Lucido xeso fino	2,62 €
46	M2	Pintura interior	5,53 €
47	M2	Azulexado	26,30 €

48	M2	Pavimento cerámico	53,13 €
49	M2	Pavimento terrazo	27,97 €
50	M2	Pavimento madeira	88,28 €
51	M2	Pavimento pedra	80,72 €
52	M2	Soleira F.M.	28,51 €
53	M2	Falso teito escaiola	17,16 €
54	M2	Picado revestimento xeso	5,14 €
55	M2	Picado revestimento mortelro	7,36 €
56	M2	Picado azulexo	8,82 €
57	M2	Levantado falso teito	5,14 €
58	M2	Levantado pavimento terrazo, cerámico, pedra ou similar	6,64 €
59	M2	Levantado pavimento formigón masa	7,37 €
60	M2	Levantado tarima madeira	11,04 €
61	M2	Desmontaxe tella cerámica	8,17 €
62	M2	Acristalamento	51,28 €
63	M2	Carpintería exterior sen acristalamento	164,31 €
64	M2	Impermeabilización elástica cubertas	9,75 €
		INSTALACIÓNS	
65	Ud	Instalación auga F/Q vivenda	783,62 €
66	Ud	Renovación aparatos baño completo	1.225,87 €
67	Ud	Renovación aparatos aseo	537,03 €
68	Ud	Instalación bañeira	202,73 €
69	Ud	Instalación lavabo	254,61 €
70	Ud	Instalación inodoro	343,74 €
71	Ud	Instalación bidé	239,90 €
72	Ud	Porta de madeira	224,78 €
73	Ud	Base enchufe empotrada	37,49 €



74	Ud	Pto. de luz	26,01 €
75	Ud	Fosa séptica prefabricada	529,41 €

(*) Nos centros comerciais en pasaxe-galería (categoría 3ª) aplicarase o módulo nº 6 á superficie de locais divididos sen acondicionar, e o nº 7 ás zonas comúns.

O non especialmente relacionado nesta lista asimilarase ao concepto máis cercano. No caso de imposibilidade de asimilación pola especial complexidade da obra proposta, estimarase o orzamento do proxecto asinado por técnico competente se fose preceptivo, ou orzamento do contratista, sempre con carácter de liquidación provisional

Segundo: Tramitar anualmente o expediente de modificación do anexo da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (I.C.I.O.) .

Deliberación, conxunta para os puntos 1.2 e 1.3.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Propón o debate conxunto dos puntos 1.2 e 1.3.

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Analiza os antecedentes e alude ás reflexións que se fixeron sobre a necesidade de adaptar os importes percibidos na liquidación provisional a aqueles que resultarán da liquidación definitiva, polas circunstancias do mercado. Trátase tamén de que esta adaptación sexa periódica. No que se refire á taxa haberá que adaptala no futuro ás características que lle son propias, diferenciándoa do imposto.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Votarán a favor nos dous casos. Recolleuse a proposta do seu grupo, de revisións periódicas. Isto sen prexuízo de futuros reajustes. Esta adaptación resultaba necesaria.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Votará en contra das dúas. Búscase que os promotores de edificios non paguen máis do que resulta dos prezos de mercado. O importante é que nas liquidacións definitivas xa se teñen en conta eses prezos. O problema está nas provisionais, baseadas en módulos, e que case sempre se convarten en definitivas, pola falla de control desta última fase do proceso. O propio ORAL considera que as definitivas poderían superar o importe das provisionais. Unha cousa é que os módulos se axusten a prezos de mercado e outra é o tipo, que é máis baixo que noutros lados. Estaría de acordo en que os prezos a ter en conta sexan os de mercado e que se subise o tipo impositivo. Parece que alguén pensa que isto vai revitalizar a construción, sen reparar que o cambio producido non ten volta atrás. A idea parece que é incentivar algo que está morto. Por outra parte, a taxa debe compensar os gastos das labores urbanísticas asociadas, e o que parece é que non cubre eses gastos.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Presentou unha moción no pleno pasado para que se puxese en marcha esta tramitación. Foi rexeitada e agora entran as presas. No 2009 púxose en marcha un incremento abusivo das bases, por iso non se subiu o tipo. As

vivendas máis pequenas son as máis penalizadas naquela subida. Ademais, son as que teñen máis difícil acreditar o seu custo real e efectivo. Hai exemplos de enormes incrementos pola aplicación dos módulos. Co que se propón non se resolve o problema real. A taxa deberá vencellarse ao custo de tramitación. O propio técnico informante di non estar seguro de que os valores propostos estean suficientemente contrastados. O problema subsistirá despois da reforma.

Sr. García Pazos: As liquidacións definitivas non están superando as provisionais. O problema é de cara ao futuro, polo tempo que pasa entre as dúas liquidacións. O sistema de módulos ata agora vixente funcionou pola situación precedente dos prezos. A cuestión é que a realidade cambiou. Non é malo que siga habendo xente que se dedique á construción. Os cambios de modelo son progresivos. Trátase de obter melloras para os veciños.

Sr. Rodríguez Fernández: Adecuar os módulos á realidade non equivale a ter que promover esta actividade desde o poder público. Actualícase tamén o tipo impositivo, sen prexuízo de utilizalo para facer políticas que fomenten a sustentabilidade, e penalicen a ocupación de novas zonas do territorio. Tampouco lle parece equilibrado o tratamento comparativo entre vivendas unifamiliares e colectivas. Insiste en que a taxa se adecúe aos gastos.

Sr. Fernández Comesaña: A obriga de todos é traballar polo ben dos cidadáns. O certo é que hai casos de incrementos destacados e que prexudican aos cidadáns menos favorecidos. Pérdese a oportunidade de arranxar a desfeita do 2009.

Sr. García Pazos: Compárense os módulos e tipos deste Concello cos de outros. O resultado da multiplicación é semellante.

Sr. Alcaldía-Presidente: Píde que se respecte o traballo do técnico que elabora a proposta de módulos. Iso é o que se val votar. E supón unha rebaixa impositiva.

Votación, conxunta para os puntos I.2 e I.3, e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 14; PP e PSOE.
- Votos en contra: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

I.3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO OUTORGAMENTO DE LICENZAS URBANÍSTICAS OU REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS DE CONTROL E OUTROS SERVIZOS URBANÍSTICOS E DE INSPECCIÓN

Ditame da Comisión Informativa Especial de Contas de 23 de xaneiro de 2013:



Vista a ordenanza fiscal reguladora no Concello de Nigrán da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección (publicada no Boletín oficial da provincia de Pontevedra número 175, do día 11.09.12).

Visto o indicado nun informe do Arquitecto municipal, do día 27.09.12, con respecto ao "Listado de índices, módulos de construción e prezos medios para obras de nova planta ou de reforma" incluído como anexo á ordenanza fiscal antes citada, e dado que (según o informe citado).

"(...) Os módulos viñan a suplir o control do C.O.A.G., para evitar a <minusvaloración> dos orzamentos a efectos de liquidacións, aínda que provisional e a expensas da definitiva.

As valoracións para a liquidación provisional, en condicións de mercado estable, adoitan ser menores que a liquidación final practicada, dado que normalmente as obras incrementan o seu orzamento por determinados cambios xurdidos no transcurso da obra.

Non entanto, a abrupta caída de prezos, ou a posibilidade de executar obras por prezos alonxados da media, pode producir unha consecuencia indesexada na liquidación final da licenza, de acreditarse unha execución material inferior o orzamento contemplado para a liquidación provisional, que implicaría a devolución de parte do recaudado, cos correspondentes xuros de ser o caso (...)"

Visto o indicado nun escrito do ORAL, do día 26.11.12.

Considerando preciso adecuar aos prezos actuais medios de mercado o "Listado de índices, módulos de construción e prezos medios para obras de nova planta ou de reforma" que figuran no anexo da ordenanza fiscal reguladora no Concello de Nigrán da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección, minorando os importes nas porcentaxes indicadas nun informe do Arquitecto municipal, do día 18.01.13.

Proposta de acordo:

Primeiro: Modificar o anexo da ordenanza fiscal reguladora no Concello de Nigrán da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección; anexo que terá a seguinte redacción:

Anexo á ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección.

Listado de índices, módulos de construción e prezos medios para obras de nova planta ou de reforma:

	UD.	MÓDULO	PREZO MEDIO / UD.
--	-----	--------	-------------------

		VIVENDA	
1	M2	Unifamiliar construído s/rasante até 150 m2	946,82 €
2	M2	Unifamiliar construídos s/rasante entre 151 y 250 m2	896,06 €
3	M2	Unifamiliar construídos s/rasante mais de 250 m2	792,67 €
4	M2	Colectiva libre construídos s/rasante	620,34 €
5	M2	Colectiva V.P.O. construídos s/rasante	512,67 €
6	M2	Construído b/rasante (usos garaxe, rochos, instalacións ou anexos)	298,64 €
7	M2	Construído b/rasante (usos comerciais vinculados a planta baixa)	427,22 €
8	M2	Planta baixaóbrega	204,81 €
9	M2	Acondicionamento locais comerciais.(*)	302,94 €
		OUTROS USOS	
10	M2	Aillado: centro comercial	435,77 €
11	M2	Aillado: sanitarios, docentes, asistencial, ocio-cultural, recreativo, oficinas.	544,71 €
12	M2	Aillado: hoteleiro, residencial.	708,13 €
13	M2	Aillado: deportivos (cuberto)	435,77 €
14	M2	Deportivo ao ar libre.	163,41 €
15	M2	Nave industrial almacén.	317,42 €
16	M2	Nave industrial comercial.	354,06 €
17	M2	Piscinas descubertas.	272,36 €
18	M2	Reformas interiores sen estrutura nin desmontaxe de fachadas.	321,87 €
19	M2	Rehabilitación con baleirado de estrutura e mantendo fachadas.	544,71 €
20	M2	Galpone ou cobertizos, almacéns de apeiros.	163,41 €
		FECHES	
21	M2	Feche de postes e arame	12,75 €



22	M2	Fache de bloque de formigón	25,50 €
23	M2	Fache de pedra	146,20 €
24	M2	Pintura exterior	5,53 €
25	M2	Portal peonil/vehiculos	839,77 €
		CONTENCIÓN	
26	M3	Muro de contención de formigón armado.	306,85 €
27	M2	Muro de contención de cantería.	59,50 €
28	M3	Cimentación comida F.A.	192,61 €
		MOVIMIENTO DE TERRAS	
29	M2	Desbroce e limpeza terreos.	2,94 €
30	M3	Excavación a ceo aberto	1,10 €
31	M3	Apertura de gabias	4,18 €
		REFORMAS	
32	M2	Limpeza muro pedra	3,32 €
33	M2	Encintado muro de pedra	8,37 €
34	M2	Renovación tella cerámica.	26,61 €
35	M2	Apertura de oco en fábrica de ladrillo macizo	82,58 €
36	M2	Apertura de oco en fábrica de pedra	99,03 €
37	M2	Aplacado pedra.	22,55 €
38	M2	Demolición tabique L.O.D.	4,42 €
39	M2	Demolición muro bloque formigón.	18,39 €
40	M3	Demolición muro mampostería pedra.	39,02 €
41	M2	Construcción tabique L.O.D. a pandeirete.	13,43 €
42	M2	Construcción tabique L.O.S.	12,89 €
43	M2	Enfoscado morteiro cemento	13,07 €
44	M2	Gomecido pasta xeso	6,58 €
45	M2	Lucido xeso fino	2,62 €

46	M2	Pintura interior	5,53 €
47	M2	Azulexado	28,30 €
48	M2	Pavimento cerámico	53,13 €
49	M2	Pavimento terrazo	27,97 €
50	M2	Pavimento madeira	86,28 €
51	M2	Pavimento pedra	80,72 €
52	M2	Soleira F.M	28,51 €
53	M2	Falso teito escaiola	17,16 €
54	M2	Picado revestimento xeso	5,14 €
55	M2	Picado revestimento morteiro	7,36 €
56	M2	Picado azulexo	8,82 €
57	M2	Levantado falso teito	5,14 €
58	M2	Levantado pavimento terrazo. cerámico, pedra ou similar	6,64 €
59	M2	Levantado pavimento formigón masa	7,37 €
60	M2	Levantado tarima madeira.	11,04 €
61	M2	Desmontaxe tella cerámica	8,17 €
62	M2	Acristalamento	51,26 €
63	M2	Carpintería exterior sen acristalamento.	164,31 €
64	M2	Impermeabilización elástica cubertas	9,75 €
		INSTALACIÓNS	
65	Ud	Instalación euga F/Q vivenda	783,62 €
66	Ud	Renovación aparatos baño completo	1.225,87 €
67	Ud	Renovación aparatos aseo	537,03 €
68	Ud	Instalación bañeira	202,73 €
69	Ud	Instalación lavabo	264,61 €
70	Ud	Instalación inodoro	343,74 €
71	Ud	Instalación bidé	239,90 €



72	Ud	Porta de madeira	224,78 €
73	Ud	Base enchufe empotrada	37,49 €
74	Ud	Pto. de luz	26,01 €
75	Ud	Fosa séptica prefabricada	529,41 €

(*) Nos centros comerciais en pasaxe-galería (categoría 3ª) aplicarase o módulo nº 6 á superficie de locais divididos sen acondicionar, e o nº 7 ás zonas comúns.

O non especialmente relacionado nesta lista asimilaráse ao concepto máis cercano. No caso de imposibilidade de asimilación pola especial complexidade da obra proposta, estimarase o orzamento do proxecto asinado por técnico competente se fose preceptivo, ou orzamento do contratista, sempre con carácter de liquidación provisional.

Segundo: Tramitar anualmente o expediente de modificación do anexo da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas ou realización das actividades administrativas de control e outros servizos urbanísticos e de inspección.

Deliberación.- Consta no punto anterior, xa que se debateu conxuntamente con este.

Votación, conxunta para os puntos 1.2 e 1.3, e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 14; PP e PŞOE.
- Votos en contra: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.
- Abstencións: 1; Sr. Fernández Comesaña, do grupo Mixto

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

1.4.- ARBITRAXE DE CONSUMO E CANXE DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS

Os grupos municipais formulan conxuntamente unha proposta alternativa á ditaminada pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de xaneiro de 2013.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Le a proposta conxunta que substitúe á ditaminada pola Comisión.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Sinala que hai un acordo municipal de apoiar aos afectados a través da OMIC, e non se fixo.

Sr. Alcalde-Presidente: A OMIC está tramitando a documentación e facilitando información.

Votación e acordo. - Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda:

1.- Manifestar o apoio do Concello de Nigrán, e de toda a súa Corporación, aos afectados/as polas participacións preferentes na súa xusta reclamación de que lles devolvan os cartos na súa totalidade.

2.- Instar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Comercio e ao Goberno do Estado a que sigan a adoptar medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos, sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais abrigas establecidas na normativa, co fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posible.

3.- Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao obxecto de que promova unha solución para a recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes en Galicia.

4.- Instar á entidade financeira NovaGaliciaBanco a promover unha solución para os subscritores de participacións preferentes que desexan recuperar os cartos invertidos neste produto, permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado.

5.- Esixir a depuración de responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron fraude masivo aos pequenos aforradores.

6.- Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre Mercados de Instrumentos Financeiros).

1.5.- PRÓRROGA PLAN PREPARA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 24 de xaneiro de 2013 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción do Grupo Socialista:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O paro é o principal problema dos españois. 2012 pechou o ano con 426.364 parados máis e 787.240 afiliados menos á seguridade social, cada nova previsión do goberno establece un novo récord de parados.



Segundo os datos de afiliacións á Seguridade Social, pasamos de destruír 1.000 empregos ao día en 2011, a destruír 2.000 en 2012.

O paro sobe, e a cobertura por desemprego baixa do 70% ao 63% cos últimos datos do mes de outubro. Na provincia de Pontevedra, os homes e mulleres parados e demandantes de emprego, que levan buscando emprego de entre un ano a dous, e dicir parados de longa duración (onde non se contabilizan outros rangos temporais menores), ascende dende xullo do 2011 ata agosto do 2012 do 13% ao 33% (datos IGE Outubro 2012). Para ser beneficiario/a deste programa, as persoas deben ter esgotada a súa prestación por desemprego de nivel contributivo, tamén deben levar inscritas como demandantes de emprego polo menos 12 dos últimos 18 meses, e ademais non poden ter dereito a calquera dos subsidios, incluídas as súas prórrogas.

En contra das recomendacións do Consello Europeo, os Presupostos Xerais do Estado significaron un recorte drástico das políticas activas de emprego, especialmente as transferencias ás CCAA, con reducións de máis de 1 700 millóns de Euros, un 54%. Estes recortes lévanse por diante as políticas de axuda aos desempregados na súa busca de emprego, pois afectan aos programas de orientación, formación e recualificación.

O Real Decreto-Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupostaria de fomento da competitividade acerna de forma descomunal a protección dos desempregados ao suprimir subsidios especiais para os maiores de 45 anos, ao elevar a idade de 52 a 55 anos, e ao expulsar da Renda Activa de Inserción practicamente o 90% dos seus beneficiarios. Centos de miles de desempregados veranse sen protección ningunha nos próximos meses.

As políticas do Goberno están a provocar a fractura social de España: máis paro, menos protección, menos dereitos, e contra toda recomendación comunitaria, menos políticas activas para favorecer a empleabilidade dos parados

Non podemos permitir que o Plan PREPARA desapareza nas circunstancias actuais, porque é a única fonte de subsistencia da cidadanía con responsabilidades familiares, e sen rendas. En Pontevedra, o número de fogares con polo menos unha persoa activa e onde tódalas persoas activas son paradas ascende no ano 2012 a un 33%, (no 2011 dun 26%)

A prórroga do programa de Recualificación Profesional (PREPARA), para persoas que esgotan a súa prestación a partir do 16 de agosto do 2012 e ata o 15 de febreiro do 2013, inclúe medidas de políticas activas de emprego, por unha banda axudas económicas de entre 2400 ou 2700 euros, efectivas en 6 mensualidades de 400 a 450 euros, e por outra banda có compromiso de recibir formación para poder optar a outras saídas laborais.

Neste contexto a continuidade do programa PREPARA tal como estaba concibido no Real Decreto Lei 1/2011 é unha necesidade de primeira orde. Este programa mostrou longamente a súa eficacia e propiciou a mellora da empleabilidade de máis de 450.000 desempregados. Este programa apóiase nunha combinación de medidas activas de orientación, formación e recualificación ao tempo que facilita unha axuda de renda á persoa desempregada.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Nigrán presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal, a seguinte **MOCIÓN**:

Co fin de garantir a transición ao emprego, alcanzar unha maior coordinación entre as políticas activas de emprego e as axudas económicas de acompañamento e evitar a exclusión social, instamos o Goberno de España a:

Prorrogar o programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa prestación por desemprego, tal como foi regulado no Real Decreto-Lei 1/2011 nun ano a partir do mes de febreiro de 2013."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Retiran a proposta coa satisfacción de que o Goberno xa aprobou a prórroga.

Acordo.- Coa conformidade dos 16 membros da Corporación presentes, retírase o asunto.

I.6.- MOCION DE URXENCIA: EMPREGO VECIÑOS DE NIGRÁN EN PORTO DO MOLLE.

Texto da Moción presentada polo grupo Socialista:

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Nigrán desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN DE URXENCIA** no Pleno Ordinario de xaneiro de 2013

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Alberto Valverde Pérez en representación do PP de Nigrán presentou no pleno ordinario de marzo de 2011 unha moción na que esixía ao entón alcalde de Nigrán, Efrén Juanes, que alcanzara un compromiso coas empresas de Porto do Molle que garante aos veciños de Nigrán un posto de traballo no parque empresarial de Porto do Molle.

En ese mesmo escrito Alberto Valverde e o grupo popular adquiriron o compromiso de traballar en esta dirección si nas próximas eleccións municipais alcanzaban a alcaldía, como así foi.

En esa moción indicaba Alberto Valverde e o Partido Popular que "*según el Servicio Público de Empleo Estatal, la cifra de paro en Nigrán en el mes de enero de 2011 alcanzó un record histórico con 1.526 desempleados -757 hombres y 769 mujeres-, casi el doble que la registrada en el mismo periodo de 2007, con 857 parados*".

Lembramos que en este momento o record histórico do que falaba o entón candidato e dende que Alberto Valverde é Alcalde de Nigrán aumentou nun 18% e xa chega aos 1793 parados, 267 parados máis.

Na súa moción a dous meses das eleccións municipais e a todas luces electoralista indicaba: *"Ante esta situación, y al margen de las medidas que adopten las diferentes administraciones, el Ayuntamiento de Nigrán está obligado a adoptar medidas que pongan freno a esta realidad(.) En este sentido, el PP ve en Porto do Molle una gran oportunidad que el actual gobierno desaprovecha al no exigir la inclusión de cláusulas que motiven o incentiven a las empresas que se instalasen en dicho parque empresarial a contratar a vecinos y vecinas de este municipio, fundamentalmente a desempleados".*

E finalizaba a súa moción do seguinte xeito: *"Alberto Valverde exige a Juanes que no deje pasar esta oportunidad una vez más y que trabaje con estas empresas para dar a los vecinos la oportunidad real de conseguir un puesto de trabajo".*

As eleccións municipais de 2011 son gañadas, grazas a estas e outras moitas promesas, grazas a estas e outras moitas mentiras polo Partido Popular e Alberto Valverde.

Agora xa no goberno de Nigrán durante vinte meses, co mesmo goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia dende hai 5 anos, co Consorcio da Zona Franca dirixido por unha muller ex concelleira e ex deputada do PP e co goberno do Estado tamén en mans do Partido Popular e tendo en conta as súas promesas electorais e sobre todo a súa propia moción presentada a este pleno en marzo de 2011, repito a dous meses das eleccións municipais:

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Nigrán presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal, a seguinte MOCIÓN:

Inatar ao Sr. Alcalde de Nigrán a que cumpra as súas promesas electorais e a que cumpre o ue el mesmo solicitou no pleno ordinario de marzo de 2011 e que alcance un compromiso real coas empresas de Porto do Molle que garanta aos veciños de Nigrán un posto de traballo no parque empresarial de Porto do Molle.

Deliberacións sobre a urxencia: Síntese das intervencións:

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Refírese a acadar o compromiso das empresas de Porto do Molle para que empreguen a veciños de Nigrán, segundo a Moción do grupo Popular aprobada no Pleno de 30 de marzo de 2011. A urxencia deriva da situación dramática dos desempregados.

Sr. Alcalde-Presidente: Non aprecian a urxencia, admitindo que a situación non é fácil. Xa se están facendo xestións. A concelleira de emprego está traballando niso. Tratarase no próximo Pleno.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: A situación é urxente. A moción non, absterase.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Hai que ser coherentes coas urxencias. Non se pode xogar coa xente. Os concellos deben desenganar á poboación e recoñecer que non teñen competencias para crear emprego.

Votación e acordo relativo á urxencia.- Sometida á votación a declaración de urxencia, obtense o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5; PSOE
- Votos en contra: 9; PP.
- Abstencións: 2; grupo Mixto.

Queda, polo tanto, rexeitada a declaración de urxencia ao non obterse maioría suficiente para promovela.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de decembro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, ambos incluídos.

II.2.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista.

1.1 Con respecto á moción onde instábamos ao Alcalde a que nos entregara os documentos que fixeron os técnicos municipais para aprobación inicial do Plan Xeral, que quede constancia de que a presentamos e que debería incluírse na orde do día e despois retirala se fose necesario.

Sr. Alcalde-Presidente: É certo que se presentou como unha moción, pero o que se solicitaba eran os informes técnicos municipais sobre o Plan Xeral. Non se incluíu na orde do día, porque máis que unha moción parecía unha solicitude, á que se accedeu facendo entrega dos documentos, por iso non tiña sentido incluíla.

1.2. Sobre o que saíu na prensa recentemente das obras da Estrada pola Vía, que estaban paradas, que había problemas con FENOSA, queremos saber cal é a situación.

Sr. Alcalde-Presidente: Parece ser que onte mesmo se desbloquearon as cuestións que había pendentes con FENOSA e que as obras xa van continuar.

1.3. Con respecto a iso, lle pedín por rexistro fai dous meses unha copia do proxecto construtivo da Estrada pola Vía e non me contestou.

Sr. Alcalde-Presidente: Lle farei copia dos CD's.



1.4. Queremos saber que xestións se están facendo dende o Concello de Nigrán sobre a retirada de persoal da cabina de peaxe que está na saída de Vilarifio.

Sr. Alcalde-Presidente: Non se fixo ningunha xestión porque non é competencia nosa. Aquí o que se fixo, xa dende que estábamos na oposición, foi denunciar que non se asinase o convenio por parte da Xunta de Galicia con Autoestradas de Galicia, na época que gobernaba o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista, que daquela se blindou un contrato cunha concesionaria da autopista, no que dalgunha maneira se lle puñan unhas condicións duras para nós. Se hai que facer algunha petición, estamos abertos a que esta Corporación faga algún tipo de declaración unánime para que se trate de non eliminar postos de traballo.

1.5. Un tema que debían de tomarse un pouco en serio. Non sei se o Concelleiro de Vías e obras o toma en serio ou non. No seu día algunhas persoas paralizaron unha obra que estábamos facendo nós, cando estábamos rematando, que era o asfaltado do Camiño do Poutón. Llo pido ao Alcalde e non ao Concelleiro de Vías e Obras, porque sei que non vai a escoitar, porque está enfadado coa xente de alí. Intente pasar por alí. Agora é absolutamente intransitable, hai uns buratos duns 40 cm, a zuga entra polas portas das casas. O Concelleiro de Vías e Obras non está a ben con esa xente, pero polo menos botaríle un pouco de xebre.

Sr. Alcalde-Presidente: Lle garanto que haberá unha solución para ese camiño.

1.6. ¿Como están os orzamentos do 2013?

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Se non hai algún inconveniente de última hora con probabilidade os traeremos o mes que ven.

1.7. Na reordenación de concellerías que estaba habendo pola incorporación do novo concello, sempre se dixu que os grupos de oposición tamén íamos a ter algún espazo. Seguimos alí metidos na parte de amba os tres grupos xuntos, coa entrada chea de lixo. Pedimos un sitio digno para traballar.

Sr. Alcalde-Presidente: O compromiso está asumido.

2. *D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto:*

2.1. Unha vez que as obras do novo concello están rematadas, e que os concelleiros están tomando posesión dos seus despachos, cumpran coa lei e déanlle a cada grupo político un espazo independente, como marca a lei.

2.2. Quería saber que impide que haxa conexión a Internet nos ordenadores do noso local. Algo tan básico como utilizar un correo electrónico non se pode facer.

Sr. Alcalde-Presidente: Solucionarase.

3. *D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:*

3.1. Vostede asinou o día 13 de decembro un Decreto polo que incautaba os avais depositados na urbanización do SAU-3, entre eles un importe de case 82 millóns de pesetas, equivalentes a 490.000 euros. Quería saber se os cartos xa foron ingresados nas arcas municipais.

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non. Fixemos a solicitude de incautación dos avais e o banco que ten os avais fixo un recurso ante esa incautación. Estamos pendentes de responder a ese recurso e seguir co trámite. Se esta entidade financeira trata de por pegas teremos que pelexar bastante.

Sr. Fernández Comesaña: ¿É a mesma entidade financeira para todos?

Sr. Alcalde-Presidente: É a mesma entidade.

Sr. Fernández Comesaña: ¿Se pode saber que entidade é?

Sr. Alcalde-Presidente: Banco Pastor, agora Banco Popular.

3.2. Se aprobou unha orde gasto por importe de 9.291 euros para reparación e substitución de pasamáns e bancadas no colexio Humberto Juanes. Me gustaría saber a que se debéron eses danos.

Sr. Ana Rosa Costas Abalde, concelleira delegada: Son danos que por falta de mantemento do colexio. O peche que rodea as pistas deportivas e a escola unitaria do colexio estaban podres, incluso unha parte xa estaba retirada, onde existe un desnivel de 1,20 m.

3.3. Sr. Alcalde, non sei se sabe que existen reclamacións feitas ao Concello, por danos patrimoniais na vía pública, nas beirarrúas ou no pavimento dos camiños. Eu quería saber por que. Eu teño aquí unha reclamación do 12 de xanelro do 2010, por unha actuación na que hai atestado. Polas informacións que eu teño, non se está tramitando moito este tema. Me chegan máis queixas de veciños, e algunhas anteriores. ¿Por que non se dá curso a estas reclamacións, cando o Concello ten subscrita unha póliza de responsabilidade civil que cubre estes danos que se producen a terceiros, e tantas reclamacións hai na mesma situación?

Sr. Alcalde-Presidente: Cando nos chegamos no ano 2011 había unha cantidade importante de expedientes de reclamación patrimonial que estaba nunha situación de non trámite. Parece que nunhas datas concretas non había persoa que tivera a responsabilidade de tramitar eses expedientes, ata que un día se puxo unha persoa e a partir dese momento se resolveron eses expedientes. O certo é que agora se están tratando de resolver, pero hai algún outro que aínda non se tramitou, que son anteriores ao ano 2009, que están aínda sen resolver. Ante esta situación o que estamos facendo é que se algunha persoa ven interesándose nesa reclamación feita antes do 2009, que volva a facer unha reclamación para reactivar ese expediente.

En canto ao mantemento de beirarrúas e pavimento estamos a facer o posible tendo en conta o elevado custe económico e de recursos humanos.



Sr. Fernández Comesaña: Espero que me pase por escrito a situación e cantas son.

3.4. ¿Nas conexións de augas e alcantarillado, por que se está pedindo a licenza de primeira ocupación a vivendas que levan xa máis de 20 anos finalizadas?

Sr. Alcalde-Presidente: Se pide sempre a licenza de primeira ocupación. Cando sabemos que hai vivendas anteriores incluso ás normas subsidiarias, se busca a fórmula para que se poida autorizar a conexión.

Sr. Fernández Comesaña: A mín me chegan casos nos que non poden conectar porque se lle require esa primeira documentación.

Sr. Alcalde-Presidente: Hai un acordo coa concesionaria para que dalgunha maneira se xustifique que, se pasou tempo suficiente, se faga esa conexión sen a licenza de primeira ocupación.

3.5. Quería saber se lèñen previsto meter a rede de saneamento no camiño que vai dende o Torreiro das Angustias cara a estrada comarcal.

Sr. Alcalde-Presidente: Analizaremos e veremos se se pode incorporar.

3.6. Con respecto ao tema das duchas, esta semana foi un tema bastante recorrente na prensa. Vostede dixo que conseguiu unha subvención de Augas de Galicia por importe de 63.076,90 euros, para medidas de aforro e de control intelixente. Despois fixo unha contratación por importe de 59.807 euros a unha empresa con domicilio en Tarragona. Non sei se por aquí non había empresas que puideran facer este tipo de traballo. A pregunta é: ¿Vostede cre que esta inversión xustifica o aforro que se vai facer no despilfarro, entre outras cousas, que eu estou de acordo en que hai que controlar os despilfarros en todos os sentidos, e en que prazo se pode amortizar?

Sr. Alcalde-Presidente: Estou convencido de que si, e se demostrará co tempo. Das arcas municipais non sae nin un solo euro para facer esa inversión. Non saíu nada nin sairá nada dos veciños de Nigrán.

Sr. Fernández Comesaña: Pero é diñeiro público.

Sr. Alcalde-Presidente: Tamén é diñeiro público aquel que se tira, porque hai un canon que hai que pagar á concesionaria.

Sr. Fernández Comesaña: É un sistema bastante engorroso. Dubido da eficacia en canto a que estes sistemas sofren actos de vandalismo, quedando inutilizados, como están as pechaduras dos aseos das praias. Igual hai que ir ao máis práctico.

Sr. Alcalde-Presidente: O sistema será sinxelo, haberá información suficiente.

3.7. Se contratou recentemente a unha empresa para facer a revisión e actualización do padrón de basuras entre outras cousas, que están facendo traballo de campo e enviando

cartas aos contribuintes. Chama a atención que contribuintes que xa estaban, incluso co recibo domiciliado, que se lle mande tamén, porque un dos temas que están facendo é cruzar a información que hai no catastro con respecto ao IBI, con respecto ao titular da vivenda e con respecto á persoa que está pagando. Ás veces pode que nas familias o IBI estea a nome do home ou ao revés e a basura a nome doutra persoa. Ai se esta xerando unha molestia innecesaria a moita xente, porque o obxectivo era buscar dar de alta aos que non o estaban, non marear moito aos que xa están. Vostedes fixeron esta contratación vía invitación de empresas, ¿por que non se invitou á empresa que está levando o mantemento do catastro no municipio de Nigrán, a través do ORAL?

D. Alberto García Pazos, concelleiro delegado: Invitouse a aquelas que nos dixeron os técnicos da área económica que había que invitar.

Sr. Alcalde-Presidente: Pode que se estea xerando algunha molestia, pero esta administración tiña certas carencias, como que non sabemos a quen lle temos que cobrar un recibo. Ese traballo a día de hoxe case nos permite chegar a mil novas altas de recibos da basura.

Sr. Fernández Comesaña: Xa miraremos se están dando de alta galpóns ou gallifeiros, porque ao mellor despois hai reclamacións e non tantas.

3.8. Roga que se dea conta á Corporación das sentencias que se producen. O Concello ultimamente está inmerso en moitos contenciosos, ben sexa coa Comunidade de Montes, ben sexa co cemiterio, ben sexa con Fomento, etc. Nos gustaría saber se as sentencias son favorables ou non para o Concello.

Sr. Alcalde-Presidente: O seu labor é pedir información. Eu lle invito a que se ten interese en algunha que o diga e se lle pasará información.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.